

PROVINCIA: **LUGO**MUNICIPIO: **FONSAGRADA**

Exp: 28/92

ID: 492

CARPETA-FICHA DEL MONTE:

" DE PORTELIÑA "

COMUNIDAD PROPIETARIA

VECINOS DE PORTELIÑA

CLAVE DEL MONTE

PROVINCIA	MUNICIPIO	COMUNIDAD PROPIETARIA	MONTE
LU	18	8.9	1

**SUPERFICIE
HECTAREAS**

50

XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente de clasificación nº: 28/92.

R E S O L U C I Ó N

PRESIDENTE:

Don Luis González Vázquez.

VICEPRESIDENTE:

Don Francisco Caamaño Pajares.

VOCALIS:

Don Manuel Martínez Garrido.

Don Manuel Veiga Franco.

Don José Antonio Illán Torrón.

Don José Abelardo Blanco Serrano.

SECRETARIO EN FUNCIONES:

Don Luis Quiroga Arnal.

Na cidade de Lugo, a vinteseis de maio de mil novecentos noventa e oito, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na Sala de Xuntas nº 1, da Delegación Provincial da Consellería de Presidencia e Administración Pública, adoptou a seguinte RESOLUCIÓN:

Visto no día da data o expediente número 28/92 para a clasificación como veciñal en man común do monte " DE PORTELIÑA ", concello da FONSAGRADA, iniciado por acordo do Xurado coa data do 24 de febreiro de 1992, sendo instructor do mesmo DON MANUEL MARTÍNEZ GARRIDO, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo Vocal Instructor, iniciouse o expediente número 28/92, poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da Acta da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do Instructor.

SEGUNDO: Recabouse do concello da FONSAGRADA/ a) certificación da posible inclusión no Rexistro da Propiedade, relativa ó monte " DE PORTELIÑA "; b) certificación da posible inclusión no Inventario de Bens municipais; e c) certificación do acordo municipal relativo ó posible consorcio suscrito coa Administración Forestal, tendente á repoboación do monte.

TERCEIRO: Recabouse do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

CUARTO: Remitiuse Edicto ó Diario Oficial de Galicia e ó concello da FONSAGRADA, poñendo en coñecemento de tódolos interesados, a incoación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

QUINTO: Recibiuse certificación do Servicio de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, relativa a que o monte " DE PORTELIÑA " non figura incluído no Catálogo dos de Utilidade Pública da Provincia.

SEXTO: Recibiuse escrito de DONA CARMEN FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, veciña de VIGO, no que expón que o monte de referencia non é veciñal en man común, posto que forma parte da propiedade dos herdeiros dos antigos foratarios e remata rogando que se lle teña por persoada no expediente. Acompaña fotocopia de diversos documentos.

SÉTIMO: Recibiuse escrito de DON LUIS ÁNGEL SÁNCHEZ GÓMEZ, veciño de SAN CRISTOVO-CUÍÑAS (A FONSAGRADA), quen alega que varios predios incluídos no plano correspondente ó monte " DE PORTELIÑA ", segundo figura na carpeta-ficha do expediente de investigación, son da súa propiedade e remata suplicando se exclúan da posible clasificación os mesmos. Acompaña diversas fotocopias outorgadas ó seu favor, certificados auténticos do Centro de Xestión Catastral e fotocopia das fotocopias catastrais.

OITAVO: Recibiuse escrito de DONA MARÍA NIEVES ÁLVAREZ CASTELAO, veciña da FONSAGRADA, quen manifesta que o monte " DE PORTELIÑA " non é veciñal, xa que a súa orixe foral e a redención polas distintas causas dan proba do contrario e remata pedindo que se lle teña por persoada no expediente. Acompaña fotocopias de documentación ó respecto.

NOVENO: Coa data do 23 de xuño de 1992 aparece publicada a resolución do Xurado no D.O.G., número 119, páxina 5.308, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente.

DÉCIMO: Recibiuse certificación do concello da FONSAGRADA, relativa a que o Edicto de información pública estivo exposto durante o prazo de 15 días hábiles.

DÉCIMO PRIMEIRO: Recibiuse escrito de DONA MARÍA JOSEFA ELENA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, veciña de MADRID, quen manifesta é dona de varios predios no monte " DE PORTELIÑA " e prega que sexan tidas en conta as súas alegacións deixando fora da clasificación os mesmos. Acompaña fotocopia dun documento de arrendamento.

DÉCIMO SEGUNDO: Notificóuselles ós persoados no expediente o remate do memo e a apertura dun período de audiencia.

DÉCIMO TERCEIRO: Recibiuse escrito de DONA CARMEN FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, veciña de VIGO, quen di actuar en representación dos herdeiros do seu finado pai e alega que os montes son propiedade particular e pide que non se declare o monte como veciñal en man común. Acompaña certificación do concello da FONSAGRADA.

DÉCIMO CUARTO: O instructor do expediente considera que as participacións no monte reclamadas por DONA CARMEN FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, DONA MARÍA NIEVES ÁLVAREZ CASTELAO e DONA MARÍA JOSEFA ELENA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, non teñen presenza física no terreo que se pretende clasificar, e que os predios reclamados por DON LUIS ÁNGEL SÁNCHEZ GÓMEZ, con evidentes sinais de ser aproveitados con carácter individualizado, están fora dos lindeiros do monte.

DÉCIMO QUINTO: Que dentro do perímetro do monte " DE PORTELIÑA " cabe distinguir:

- Unha zona de 13 hectáreas, repoboada en virtude do consorcio suscrito polo concello da FONSAGRADA co Patrimonio Forestal do Estado no ano 1955, e considerada como comunal desde entón, e

- O resto do monte, dunhas 37 hectáreas, das que nunhas zonas medran pés de pinus pinaster de rexeneración natural, estando cubertas de mato as outras, sen que se observen sinais de aproveitamentos individualizados.

DÉCIMO SEXTO: O instructor do expediente na súa proposta considerou que o monte ven sendo aproveitado polos veciños do lugar de forma

mancomunada e na súa condición de tales, constitúen polo tanto unha comunidade de tipo xermánico, e concluíndo que o monte debe ser clasificado como veciñal en man común.

DÉCIMO SÉTIMO: Celebrada sesión do Xurado Provincial coa data do 23 de outubro de 1995, acordouse aplaza-la resolución deste expediente ante a oposición de DONA CARMEN FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, materializada nun escrito acompañado no acto, á espera de que a interesada presentase un escrito no que delimitase dentro do perímetro a clasificar a superficie que alegaba da súa propiedade, sen que se recibise o mesmo no día da data.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñecer o expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989 do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- O monte " DE PORTELIÑA ", tal e como se describe seguidamente, reviste o carácter de veciñal en man común cumprindo os requisitos do artigo 1 da citada Lei como se deduce das manifestacións verbais dos veciños do lugar de PORTELIÑA, parroquia de Cuíñas, dado que non se observan nel aproveitamentos individualizados e as participacións que din ter no monte as persoas que presentaron reclamacións á súa clasificación, non están materializadas sobre o terreo.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, resolve:

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome:	" DE PORTELIÑA ".
Pertenza:	veciños do lugar de Porteliña.
Parroquia:	Cuíñas.
Superficie:	50 ha.
Concello:	A FONSAGRADA.

LINDEIROS:

Norte: rego de Rellouso. Leste: regato de Chaín, que o separa dos montes "RELOUSO e VILARÓN" e "CUÍÑAS"; estrada de Cuíñas a Porteliña e predios particulares, seguindo aproximadamente a liña de máxima pendente. Sur: rego de Pasada. Oeste: predios particulares (pasteiros, cultivos e fraga de frondosas) dos veciños de Porteliña e cemiterio, e máis predios particulares (pasteiros, cultivos e fraga de frondosas) dos veciños de Porteliña.



[Handwritten signature]


[Handwritten signature]

[Handwritten signature]

MONTE: "DE PORTELIÑA"

PERTENENCIA: VECINOS DE PORTELIÑA

TERMINO MUNICIPAL: FONSAGRADA





Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **11 de xaneiro de 2021**, figura o seguinte acordo:

Monte Porteliña (exp. 28/92), pertencente aos veciños de Porteliña, na parroquia de Cuiñas, concello da Fonsagrada:

O 21.9.2020 foi presentada unha copia da sentenza firme do 29.7.2020, ditada polo Xulgado 1ª Instancia e Instrución nº 1 da Fonsagrada, no procedemento ordinario 121/2019, na que se estima integramente a demanda e se declara [...] que o réxime da comunidade propietaria do monte coñecido administrativamente como monte veciñal en man común de Porteliña é de tipo romano ou por cotas, nas que é partícipe o demandante [...]

Examinada a devandita sentenza, o xurado, por unanimidade, ACORDA dar cumprimento ao establecido nela e proceder a anular a clasificación, coa correspondente cancelación da inscrición do monte no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común.

Para que conste, expido este certificado co visto e praxe da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.

